

**Antero de Quental a través de Curros Enríquez:
análise de *Elogio de la muerte***

Elena Losada Soler

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LOSADA SOLER, ELENA (2011 [2003]). “Antero de Quental a través de Curros Enríquez: análise de *Elogio de la muerte*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 42-51. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/895>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LOSADA SOLER, ELENA (2003). “Antero de Quental a través de Curros Enríquez: análise de *Elogio de la muerte*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 42-51.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Antero de Quental a través de Curros Enríquez: análise de “Elogio de la muerte”

ELENA LOSADA SOLER

Comprender é traducir
George Steiner

Curros Enríquez manifestou ao longo de toda a súa traxectoria literaria e política, como poeta, como republicano e como iberrista, unha notable inclinación pola literatura portuguesa do seu tempo, é dicir, pola literatura da Geração de 70. Coñécese o seu interese por Guerra Junqueiro, con quen tanta afinidade sentía. Mais Curros Enríquez é tamen o primeiro tradutor ao español dos sonetos anteriores do ciclo “Elogio da Morte”, e autor de trece semblanzas de escritores portugueses, entre os que salientan os grandes nomes da Geração de 70. Analizárase o conxunto de traducións e mais eses ensaios críticos para termos unha visión de conxunto da actitude de Curros perante os setentistas, estudando a causa das súas predileccións e das súas dificultades para integrar outras figuras, especialmente a de Eça de Queirós, no seu proxecto ideolóxico-literario.

Curros Enríquez demonstrated a notable inclination towards nineteenth-century Portuguese literature – that is, the writings of the *Geração de 70* (the Generation of 1870) – throughout his literary and political development as a poet, a Republican, and an Iberist. Curros Enríquez’s interest was known to Guerra Junqueiro, for whom he felt quite an affinity. Curros Enríquez was the first translator of Antero de Quental’s sonnets from “Elogio da Morte” in Spanish. In addition, he was the author of thirteen biographical sketches on Portuguese writers, which included the most important figures from the *Geração de 70*. Analysing the translations and the critical essays as a whole will allow us to have a vision of Curros Enríquez’s attitude towards the *Geração de 70*. In addition, we will study the reasons for his preferences and his difficulties to include other renowned figures, like Eça de Queirós, in his ideological-literary project.

O labor de Manuel Curros Enríquez como tradutor de, cando menos, tres¹ dos poetas portugueses máis senlleiros do seu tempo, Teófilo Braga, Guerra Junqueiro e Antero de Quental, non é xa descoñecida. Pilar Vázquez Cuesta (Vázquez Cuesta 1968, 1974, 1998) contribuíu de maneira decisiva na recuperación dalgunhas destas traducións e Ana Maria Almeida Martins achegou datos moi útiles para o estudo da xénese das versións da obra de Antero de Quental realizadas polo escritor galego (Almeida Martins 1987).

A miña intención non é, xa que logo, iniciar un camiño inédito senón complementar estes traballos cunha análise específica das traducións dos seis sonetos de Antero de Quental que constitúen o ciclo denominado *Elogio da Morte*. Estas versións, pola relevancia do seu tradutor, pola súa condición de galegofalante, que lle permite traducir entre linguas xa de por si moi próximas nunhas condicións especiais, e por seren realizadas nunha data case contemporánea á do texto de partida, conforman un corpus abarcable e ao tempo o suficientemente representativo como para levar a cabo un pequeno estudo da tradución no século XIX.

José Antonio Llardent, que realizou unha magnífica tradución dos sonetos completos de Antero de Quental no ano 1986 (Llardent 1986), afirma no seu prólogo que “*Antero de Quental tal vez haya sido el poeta del siglo XIX portugués con mayor prestigio en España[...]*” (Llardent 1986: 209) Na miña opinión sería Guerra Junqueiro e non Antero o *ex libris* poético da “Geração do 70” en España. Un breve relato das traducións dun e doutro autor ás diversas linguas peninsulares entre 1890 e 1920 abundaría para comprobalo. Isto non implica, porén, que Antero de Quental fose un descoñecido. O seu nome como activista político principiou a ser coñecido en España no contexto dos efectos que “A Gloriosa” tivo en Portugal. Antero de Quental publicou entón un famoso panfleto, *Portugal perante a Revolução de Espanha*, que, como afirma Llardent (Llardent 1986: 210), foi difundido en España entre os círculos republicanos, como sería difundida tres anos máis tarde a súa intervención no decisivo ciclo das “Conferências Democráticas do Casino” titulada *Causas da Decadência dos Povos Peninsulares*. Por esa época Antero de Quental

mantivo contactos con Anselmo Lorenzo, dirixente da sección española da Asociación Internacional de Traballadores, contactos que lle serviron de apoio para fundar, xunto con José Fontana, a sección portuguesa da dita asociación, xerme do futuro Partido Socialista.

É o eco dese Antero de Quental activista o que atopamos na biografía do poeta portugués publicada no xornal madrileño *El País*, o día 2 de febreiro de 1890, na sección “El Álbum de El País”. O texto forma parte dun conxunto de trece breves biografías dedicadas a literatos portugueses³ que Curros Enríquez publicou no fragor da protesta que o Ultimato inglés de 1890, sentido coma unha humillación aos irmáns ibéricos, levantou entre os republicanos españois.

Pilar Vázquez Cuesta analizou nun extenso e interesante estudo (Vázquez Cuesta 1974) estes trece textos que, malia as diferenzas de firma, presentan unha obvia unidade de estilo que permite considerar a Curros Enríquez como o único autor do conxunto (Vázquez Cuesta 1974: 388). A biografía de Antero de Quental é unha das catro con firma completa: M. Curros Enríquez. A razón pola que Antero de Quental mereceu esta firma e, en cambio, outros autores, tan famosos o máis ca el, como Eça de Queirós⁴ ou Camilo Castelo Branco tiveron que se conformar cunha misteriosa T. ou ben co anonimato débese, segundo Pilar Vázquez Cuesta, ao alto grao de implicación que tivo Antero nas accións portuguesas de resposta ao Ultimato.

O texto, de estrutura circular, comeza e remata destacando a Antero como fundador da “Liga Patriótica do Norte”, un efémero movemento de alporizada resposta ao Ultimato que lle deu a Antero máis desgustos ca satisfaccións. Quizais fora ese rebrote de actividade pública, logo de anos de illada dor e de filosofía, o que induciu a erro a Curros Enríquez. Efectivamente, a “Liga Patriótica do Norte” fundouse na “*republicana ciudad de Oporto*” (Vázquez Cuesta 1974: 411), pero Antero de Quental, que podía ser considerado “republicano” segundo a concepción española do termo, non o foi nunca no contexto portugués, onde o Partido Republicano e mais o Partido Socialista, que Antero —como xa dixemos— contribuíu a fundar, diferiron profundamente en fins, estratexias e actitudes (Vázquez Cuesta 1974: 394).

Con todo, aínda sendo a súa militancia política —e o seu iberismo, que foi unha realidade en 1871 pero que xa non o era en 1890— o eixe do texto, Curros non esqueceu o Antero filósofo e o poeta, malia incorrer nalgunha esaxeración cando afirma, por exemplo, que “Últimamente Antero de Quental ha publicado un tomo de sonetos cuya edición fue agotada en poco tiempo. Del mérito que encie-

rra puede juzgarse, con decir que no hay lengua en Europa a que no haya sido traducido” (Vázquez Cuesta 1974: 412), e nalgunha inxustiza cando asegura que “[...] es seguramente desconocido para la mayor parte de nuestros lectores. No hay que extrañarlo. Nadie se ha cuidado, si por acaso las leyó, de traducir sus obras”. (Vázquez Cuesta 1974: 441)

No ano 1890 cando menos unha figura relevante da cultura española —nada menos que Leopoldo Alas Clarín— lera, comentara e mesmo traducira algúns versos de Antero. O 24 de abril de 1882 o futuro autor de *La Regenta* publicou no suplemento literario do periódico madrileño *El Día* unha recensión —reproducida en 1887 no volume *Nueva campaña*— do libro *Sonetos* de Antero de Quental, que lle fora remitido por Joaquim de Araújo. Trátase da segunda publicación de sonetos anteriores, a coñecida como edición *Renascença*, que foi publicada no ano 1881 polo propio Joaquim de Araújo⁵ e que contiña só 28 sonetos. Clarín observa nestes poemas virtudes e defectos. Aínda que recoñece que “Anthero de Quental es lo que se llama un poeta” (Clarín 1887: 332), repróchalle, por outra parte, a excesiva solemnidade, o recurso ao latín nos títulos e, sobre todo, a monotonía:

El libro, como conjunto, tiene un defecto: la monotonía. En toda la obra no hay más que un motivo, como dicen los músicos; y cuando la expresión ha sido feliz una vez, da pena verla repetida en otros sonetos de menos arte. El tema es éste: negación de la teología vulgar y de las afirmaciones racionalistas optimistas. Afirmación del Nirvana, de lo Inconsciente, con la expresión poética del amor y la muerte. (Clarín 1887: 334)

Logo de clasificar, de xeito moi clariniano, os sonetos en “sobresalientes, buenos y medianos” (Clarín 1887: 335) ofrece exemplos de cada categoría: *Espiritualismo* entre os “sobresalientes”, *Anima Mea* entre os “buenos” e “algunos de los sonetos del *Elogio da Morte*” (Clarín 1887: 339) entre os “medianos”. Xustamente foron eses sonetos de *Elogio da Morte* os que Curros Enríquez escolleu para levar a cabo, amosando a súa independencia de criterio estético, o propósito enunciado por Clarín como colofón da súa recensión:

Para concluir: si yo fuese poeta, traduciría con mucho gusto al castellano estos Sonetos de Anthero de Quental, para contribuir á una cosa muy necesaria: á que los pueblos hermanos que no quieren todavía unirse, poéticamente se fueran conociendo y apreciando, y poder así empezar por lo mejor y principal: por la unión de los espíritus. (Clarín 1887: 339)

Algo contribuíu Clarín a esa tarefa, porque na súa recensión se inclúen a tradución completa do soneto *Homo* e unha versión dos tercetos de *Espiritualismo II*, que constitúen as primeiras traducións ao castelán dos sonetos de Antero de Quental.

Estes poemas que interesaron a Clarín tiveron catro edicións en volume no século XIX (1861, 1881, 1886, 1890), ás que habería que engadir as publicacións dispersas en xornais e revistas. Os seus poemas de xuventude foron recompilados en Coimbra en 1861, na chamada edición *Sténio*. No ano 1881 Joaquim de Araújo preparou outra edición con 28 sonetos (a que Clarín estudou) coñecida como edición *Renascença*. En 1886 Oliveira Martins editou e prologou unha colectánea ben máis extensa e luxosa (Quental 1886) que podemos considerar a *editio princeps*. Esta recompilación foi reproducida con variantes mínimas en 1890 na edición *ne varietur* da librería Portuense, que engadía un extenso apéndice con traducións ao alemán, francés, italiano e español, estas últimas a cargo de Manuel Curros Enríquez e de Baldomero Escobar.

O ciclo de sonetos *Elogio da Morte*, datado en 1872-1874, foi publicado por primeira vez en 1875 na *Revista Ocidental* (tomo 1, fasc. 1, páxs. 96-99, Lisboa, 15/II/1875), revista de teor iberista dirixida polo propio Antero e que tivo unha ampla difusión e algúns subscritores entre os republicanos españois. Estes seis sonetos, que en edicións posteriores aparecen simplemente numerados, levaban en 1875 os seguintes títulos individuais: “Inania Regna”, “Nirvana”, “Beatrice”, “Ab Eterno”, “Eutanasia” e “Budismo”. A partir desa primeira publicación, o ciclo *Elogio da Morte* aparece en todas as edicións posteriores de *Sonetos*: a de 1881, a de 1886 e a de 1890.

Os seis sonetos son a concreción dun proceso de positivar a imaxe da morte, desde a estraña e terrible presenza do primeiro soneto ata acadar a función de “liberadora” e converterse no “ser único absoluto”. Como escribiu pouco despois da primeira publicación destes poemas a Antón de Azevedo do Castelo Branco:

Quanto aos Sonetos que publiquei na Revista, devo dizer-te que os escrevi sem a menor tristeza ou desalento, antes com paz íntima e profunda confiança. Se a doença foi ocasião de reflectir com mais madureza no símbolo misterioso que é a Morte, é isso muito natural, porque em tal estado a Morte apresenta-se ao nosso pensamento com mais insistência ou mais autoridade: mas dessas reflexões concluí coisas que nada têm de tristes, antes são muito confortativas, uma espécie de Filosofia idealista da Morte, e foi isso o que eu quis exprimir naquela composição, mostrando como o pensamento se eleva gradualmente

desde uma impressão toda negativa até à mais alta idealidade, compreensiva e plácida”. (Quental 1989, vol. I: 277)

O problema da primeira publicación das traducións que Manuel Curros Enríquez fixo dos sonetos *Elogio da Morte* presenta aínda algunha confusión. No estudo “Sobre la lira lusitana de Curros Enríquez”, publicado en *Grial* en 1968, Pilar Vázquez Cuesta afirma que non encontrou na prensa da época nin as traducións de Antero de Quental nin as de Antón Feijó, aínda que si as de Guerra Junqueiro (Vázquez Cuesta 1968: 151). Posteriormente, nun artigo de 1974, indica o seguinte:

[...] I é natural que estas traducións aparecesen en publicacións periódicas españolas —que temos conseguido localizar— denantes de ser recollidas no ‘apéndice contendo traducións em alemão, francês, italiano e espanhol’ da edición (1890) de *Os Sonetos Completos de Antero de Quental Publicados por Oliveira Martins* a que semella aludir *El Álbum de El País*. (Vázquez Cuesta 1974: 397)

Non atopei máis datos sobre a publicación das traducións de Antero de Quental por Curros anterior a 1890. Desa data provén a publicación das súas versións no apéndice mencionado por Pilar Vázquez Cuesta. Forman parte do conxunto de traducións composto por 16 sonetos dos 78 traducidos ao alemán por Wilhelm Storck, as vertidas ao italiano por Giuseppe Cellini, Marco Antonio Canini, Emilio Teza e Tommaso Cannizzaro, as francesas de Fernando Leal e as castelás de *Quia Aeternus, Ignotus* e d’*Os Vencidos*, da autoría de Baldomero Escobar.

Sobre as traducións ao castelán afirmase o seguinte na “Advertencia dos Editores”, con toda seguridade composta polo propio Antero:

Em hespanhol publicamos seis sonetos, traduzidos pelo snr. Manoel Curros Henriquez, cujo nome bem dispensa qualquer comentario, conhecido e estimado como é em Portugal pelo seu admirável volume de versos em dialecto gallego *Aires da miña terra*, que o tornou quasi um dos nossos. Outros dois sonetos traduziu também em hespanhol o snr. Baldomero Escobar, poeta e publicista de bons créditos no seu paiz. (Quental 1890: 132)

As traducións anteriores de Curros non foron recollidas na edición das *Obras completas* preparada polo seu fillo Adelardo. No volume V (1912), onde se recolle “La lira lusitana”, constan apenas tradu-

cións de Teófilo Braga e de Guerra Junqueiro⁶, as que tiña daquela no seu poder. Apareceron, así e todo, en *Élite* (Caracas) en 1928 (vol. 4, nº 165) e tamén nun pequeno volume, nunha antoloxía da poesía de Antero traducida ao castelán, recompilada por Andrés González Blanco nalgún momento indeterminado da década de 1920 (González Blanco s./a.). No prólogo agrádecesele a dona Modesta Vázquez, viúva de Curros, a autorización para publicar as traducións de “Elogio da Morte”:

No menos expresivo tributo rendimos en estas páxinas a la señora doña Modesta Vázquez, viuda del ilustre poeta galaico Manuel Curros Enríquez, que amablemente nos ha autorizado a reproducir los seis espléndidos sonetos titulados *Elogio de la muerte*, que tradujo su esposo. (González Blanco s./a.: 25)

Cincuenta anos máis tarde estas traducións volveron á luz na edición das *Obras Completas* a cargo de Carlos Casares, publicada por Aguilar en 1979, e finalmente en 1987 no artigo de Ana María Almeida Martins, publicado no número especial de “A Nosa Cultura” dedicado a Curros.

Non podemos datar con absoluta seguridade as versións de Curros. Porén, esta datación podería estar relacionada co texto base que o escritor galego empregou. Ana María Almeida Martins considera que as súas versións se fixeron a partir da edición *Renascença* de 1881, que Antónío Feijó lle remitira a Curros no ano 1885.

É com certeza Antónío Feijó quen envia a Curros, nos primeiros días de Marzo de 1885, um exemplar dos Sonetos de Antero, certamente a edição da *Renascença Portuguesa* de 1881 [...] Porém, Curros já conhecia a poesia anterioriana provavelmente através das *Odes Modernas* (edição de 1875) e de dispersos em jornais e revistas como atesta uma carta dirigida a Luís de Magalhães (Almeida Martins 1987: 72)

A hipótese é máis ca probable. Agora ben, Curros, a pesar de que en 1875 —data de publicación da *Revista Ocidental*, que incluíu a primeira edición de *Elogio da Morte*— se atopaba en Cantabria e no País Vasco como correspondente para cubrir a guerra carlista, puido, se cadra, coñecer esta revista ibérica nunha ocasión posterior.

A correspondencia de Antero de Quental tampouco non achega unha solución definitiva. Non atopamos referencias a estas traducións ata febreiro de 1889, cando xa se debía de estar preparando a edición de 1890. Na primeira carta a Luís de Magalhães (febreiro de 1889) Antero pregúntase se entre as traducións de poesías portuguesas de Curros

¹ Para unha análise das traducións perdidas de Curros Enríquez, véxanse os traballos de Pilar Vázquez Cuesta “Sobre la lira lusitana de Curros Enríquez” (Vázquez Cuesta 1968) e “Curros Enríquez traductor de Guerra Junqueiro” (Vázquez Cuesta 1998)

² Curros Enríquez traduciu ao castelán os seis sonetos *Elogio da Morte* e mais o pequeno epitafo *Zara*, dedicado polo poeta portugués en 1880 á irmá de Joaquim de Araújo, ao galego. O poema de Antero foi publicado en 1894 nunha luxosa edición de bibliófilo por Joaquim de Araújo. A edición contén o texto orixinal e mais as traducións a corenta e oito idiomas e dialectos europeos, americanos e asiáticos. Esta publicación poliglota resulta unha fonte de grande interese para a historia do pensamento lingüístico, ao proporcionarnos unha visión finisecular do que se entendía por idioma e por dialecto. Nela atopamos, no ámbito lingüístico peninsular, traducións ao bable, ao vasco, ao catalán, ao mirandés, ao mallorquino, cinco versións españolas —unha delas, e non a mellor, de Núñez de Arce— e a tradución ao galego de Curros Enríquez. Dado que na edición das *Obras Completas* de 1979 aparece con algúns pequenos erros de transcripción respecto ao orixinal, vou permitirme reproducila tal e como aparece na edición de 1894: *Ditoso quen pasou por entre a mágoa / I as paixões da existencia tormentosa / Desporcatado, como pasa a rosa, / E leve como a sombra sobre a ágoa. // Era tua vida un sono indefinido / E tenue, pero doce e transparente. / Acordache... sorríche... e vagamente / O sono continuache interrompido.* Curros Enríquez incluíu tamén unha pequena biografía de Antero de Quental entre os trece textos sobre literatos portugueses contemporáneos publicados en *El País* de Madrid, na sección “El Álbum de El País” entre o 24 de xaneiro de 1890 e o 18 de marzo de 1891 (véxase Vázquez Cuesta 1974).

³ No estudo publicado en *Grial* en 1974, Pilar Vázquez Cuesta (Vázquez Cuesta 1974) incluíu unha utilísima reprodución destas trece biografías. Curiosamente, falta entre elas a dedicada a Ramalho Ortigão, publicada o 15 de xuño de 1890. A lista dos trece literatos (e a forma específica de firma de cada un) é a seguinte: Magalhães Lima (anónimo); Guerra Junqueiro (M. Curros Enríquez); Antero de Quental (M. Curros Enríquez); Eça de Queirós (T.); Teófilo Braga (M. Curros Enríquez); Xavier de Carvalho (anónimo); Camilo Castelo Branco (anónimo); Oliveira Martins (C.); Antónío Feijó (C.); Ramalho Ortigão (C.); Luís de Magalhães (C.); Manuel Duarte d’Almeida (M. Curros Enríquez); Alves de Veiga (anónimo).

⁴ O texto dedicado a Eça de Queirós, con esa estraña letra inicial-pseudónimo (T.) como firma, é o exemplo máis claro da sutil, e ás veces non tan sutil, distorsión que Curros tivo que levar a cabo para “encaixar” no proxecto republicano algúns nomes da cultura lusa que non podía ignorar. A biografía de Eça de Queirós non amosa nin o ton de simpatía humana nin de admiración ideolóxica que transluce todo o texto biográfico de Antero. En 1890 a actitude política do autor d’*O Primo Basilio* estaba xa moi afastada do positivismo socialista dos anos 70. Nos textos desa época Eça desconfía mesmo das canles dunha monarquía institucional degradada e non dubida en usar a palabra “tiranía” para esixir unha rexeneración do país, tiranía que só podería exercer un “despota ilustrado” como Oliveira Martins. Curros era consciente diso e esquivou a dificultade centrándose no Eça escritor, o anticlerical autor d’*A Relíquia* e o látego de burgueses d’*O Primo Basilio*, máis recuperable para a súa intención ca o Eça d’*A Correspondência de Fradique Mendes* que acababa de aparecer na *Revista de Portugal*. Nunha magnífica pirueta final Curros converte a Eça en cónsul portugués na China (onde nunca estivo) porque alí foi para afastarse o máis posible dunha situación política que despreczaba: “*Las despreciaba tanto que, por no verlas, hizo que le nombraran cónsul en China.*” (Vázquez Cuesta 1974: 413) ;0 que hai que facer para “republicanizar” a Eça!

habera algunha súa. Non ten, xa que logo, constancia de ningunha tradución previa e, discretamente, encárgalle o labor de investigación a Magalhães:

Sei que o Curros tem publicado traduções de poesias portuguesas. Haverá entre elas a de algum soneto dos meus? Ser-me-ia muito grato incluir no meu volume alguma tradução do Curros, se porventura existisse. Poderá V. saber-me disto? Não sei a direção de Curros, nem, que soubesse, lhe escreveria sobre isto, pois poderia parecer um convite indirecto a fazer alguma tradução. (Quental 1989, vol. II: 930)

O labor de Magalhães debeu de dar froito porque o 10 de abril, nunha carta a Tommaso Cannizaro, Antero anuncia a publicación das traducións de Curros, sen especificar aínda que se trata de *Elogio da Morte*:

Está esgotada a 1ª edição dos meus Sonetos Completos e penso em fazer 2ª, juntando-lhe em Apêndice as traduções que de alguns têm sido feitas em várias línguas, isto é, algumas das alemãs do Professor W. Storck [...] as espanholas de Curros Enríquez [...]. (Quental 1989, vol. II: 936)

O 27 de novembro Antero xa coñecía as traducións e, nunha carta a Joaquim de Araújo, amigo común, fai un acendido eloxio delas:

Incluí-los-ei no Apêndice de traduções, que orçam por umas 50, entre elas o Elogio da Morte traduzido pelo Curros Enríquez da maneira a mais magistral. Transmita ao seu amigo os meus mais afectuosos cumprimentos. (Quental 1989, vol. II: 967)

O proceso foi, polo tanto, moi rápido para os parámetros do século XIX, pero non nos aclara se estas traducións foron feitas a pedimento de Luis de Magalhães ou se xa existían previamente. En calquera caso, quedémonos coa valoración positiva que Antero fixo delas para introducirmos na súa análise. Pilar Vázquez Cuesta referenda en dúas ocasións (Vázquez Cuesta 1968: 153 e 1998: 303) a opinión do propio Antero, destacando como principal virtude destas traducións precisamente a de non ser literais:

Son dunha fidelidade absoluta ó orixinal precisamente por non seren literais. Porque como di o magnífico traductor de poesía, por poeta ademais de traductor, Nuno Júdice: “em poesia não faz grande sentido a questão traduttore/traduttore: a tradução para ser fiel implica necessariamente a traição. (Vázquez Cuesta 1998: 303)

Este é un dos temas eternos da teoría da tradución, ligado ao problema aínda máis profundo da “traducibilidade”, que se relaciona, á súa vez, como expuxo George Steiner, co da lexitimidade do paso dunha lingua a outra —na súa orixe de tipo incluso relixioso; lembremos que a teoría e a práctica da tradución en occidente aparecen vinculadas, na súa orixe, á necesidade de difundir o evanxeo—:

La question, vielle comme le monde, de savoir si la traduction est vraiment possible prend racine dans des scrupules, d'ordre psychologique et religieux, quant à la légitimité du passage d'une langue à une autre [...] À partir de la fin du XV siècle, le postulat d'intraduisibilité a des bases purement séculières. Il se fonde sur la conviction, à la fois formelle et pragmatique, que deux systèmes sémantiques distincts ne sauraient être réellement symétriques ni se renvoyer mutuellement leur image. (Steiner 1978: 227)

Xa Cervantes afirmaba no *Quijote* a imposibilidade dunha tradución que reproducira exactamente, en todos os seus aspectos, o orixinal:

Pero, con todo esto, me parece que el traducir de una lengua a otra [...] es como quien mira los tapices flamencos por el revés, que aunque se veen las figuras, son llenas de hilos que las escurecen, y no se veen con la lisura y tez del haz; (Cervantes: 1027)

A cuestión da traducibilidade formulouse de forma especialmente aguda ao longo da historia cando se trata da tradución poética. Jakobson afirmaba que, nese caso, só era posible a “transposición creadora”. A única opción para a tradución de poesía sería, pois, unha “recreación”, isto é, unha nova creación. Neste sentido pronuncíase tamén Walter Benjamin:

Por esta razón, la traducción, en su propósito de comunicar algo, debe prescindir en gran parte del sentido, y el original ya sólo le es indispensable en la medida en que haya liberado al traductor y a su obra del esfuerzo y de la disciplina del comunicante. (Benjamin: 139)

Esa tradución-recreación fúndase, segundo a fermosa reflexión de Steiner, en “o fondo de humanidade”⁷ que supera —ás veces con dor; lembremos a “*melancolía del traductor*” da que falaba Ortega y Gasset— os atrancos postos á traducibilidade. No caso de Curros, as súas traducións de poetas portugueses aliméntanse de algo máis ca dese “fondo de humanidade”, son una ofrenda feita desde a admiración e desde a proximidade ideolóxica. Como afirma o escritor e tradutor Erri de Luca:

Tradurre é sempre un esercizio di ammirazione, di ammirazione verso il testo. L'ammirazione facilita la traduzione che va fatta puramente e semplicemente. Non ci deve essere un atteggiamento di invidia o di competizione nei confronti del testo da tradurre (De Luca: 32)

Se nos achegamos ao ámbito portugués, toparemos reflexións paralelas en Fernando Pessoa vinculadas directamente a Antero de Quental:

É quase impossível traduzir poesia lírica, precisa um tradutor lírico também, mas perde sempre. A pior poesia é esta. Que fica dos sonetos de Shakespeare em uma tradução? [...] Como traduzir bem um soneto de Antero, sem desaparecer, pelo menos aquela música suave, triste e penetrante, íntima de lirismo, que é parte psicologicamente componente da grandeza lírica de Antero? [...] Mas quem quiser ler um poeta lírico não pode aceitar tradução alguma, por fiel que seja mesmo à alma do poeta. (Pessoa s./a.: 341)

Se se require un poeta para traducir outro poeta deberíamos concluír, malia ese fondo de intraducibilidade, que a combinación Antero-Curros Enríquez, ambos os dous poetas, contemporáneos, de linguas moi próximas, con lecturas comúns e ideoloxía semellante, sería a mellor posible. Unha análise das versións permitiranos establecer os límites desa idoneidade (véxase o anexo).

No primeiro verso do soneto I encontramos un problema de tradución sobre o que reflexionar. Trátase da expresión *o Inconsciente*. O artigo determinado masculino portugués tómao Curros neste caso como neutro (de feito en moitas ocasións este *o* é ambiguo e a elección *el/lo* depende do contexto; nalgúns casos mesmo é insoluble) e tradúceo como *lo Inconsciente*. Agora ben, neste caso debería ser *el Inconsciente*, xa que se trata dun termo filosófico que Antero de Quental tomou de Eduard von Hartmann (Sérgio 1984: 160) e non dunha expresión xenérica.

No segundo cuarteto deste mesmo soneto aparece algo bastante máis grave: unha lectura contraria que crea un malentendido. O texto portugués é: *Não que de larvas me povoe a mente / esse vácuo nocturno, mudo e augusto*; isto é, o baleiro é quen pobo de terrores a mente e non, como Curros interpreta, a mente quen pobo de terrores o baleiro: *No es que de larvas fúnebres la mente / Pueblo el nocturno espacio dilatado*. Un erro deste tipo non volve acontecer no resto das traducións. ¿Trátase dun tropezo casual ou da estrañeza que se produce nun primeiro contacto entre tradutor e texto, estrañeza que diminúe coa gradual familiaridade con léxico, imaxes e ritmos?

⁵ Joaquim de Araújo (1858-1917), diplomático, bibliófilo e poeta portugués, fundador de revistas como *A Harpa* e *A Renascença*. Amigo de Antero de Quental e de boa parte dos membros da “Geração de 70”, exerceu un relevante papel de mediador cultural, en especial entre as literaturas portuguesa e italiana, desde o seu posto de cónsul en Xénova. Mantivo contacto tamén con destacadas figuras da cultura española como Clarín, a quen lle remitiu os sonetos de Antero, e mais co propio Curros Enríquez.

⁶ Non todas. As máis fortemente anticlericais, procedentes d’*A Velhice do Padre Eterno*, “rescatounas” Pilar Vázquez Cuesta de “Las Dominicales del Libre Pensamiento” (véxase Vázquez Cuesta 1998).

⁷ “*C’est le fonds d’humanité qui rend la traduction possible*”. (Steiner: 232)

Os dous versos finais do mesmo cuarteto son, pola súa vez, case incomprendibles na tradución. A diáfana expresión de Antero —*Ou forceje a razão porque afugente / Algum remorso, com que encara a custo...*— convértese na complicadísima *Ni, de remordimientos asaltado, / En lucha el alma, el torcedor abuyente*.

Noutras ocasións podemos preguntarnos polo sentido dalgunhas substitucións. No soneto II, por exemplo, ¿por que se substitúe *vento* por *acento*, cando *viento* ofrecería, sen dúbida, unha mellor rima con *sentimiento*? Ou no último verso do primeiro terceto, ¿como xustificar a tradución de *abismos* por *senos*? Llardent, acertadamente, optou por *simas*, alternativa que evita a polisemia da opción de Curros. Noutros casos, estas curiosas variacións teñen unha explicación máis clara. No segundo cuarteto do soneto IV atopamos dúas opcións aparentemente sorprendentes. No primeiro verso a tradución de *canseira* por *carrera* fainos considerar se non haberá unha variante *carreira* nalgũa das edicións de *Elogio da Morte*. Dado que sempre aparece *canseira*, debemos deducir que a razón da substitución se debe á similitude silábica e acentual e máis á necesidade de rimar con *postrimera*. Pero, ¿por que *postrimera* se no texto portugués de 1890, onde aparecen estas traducións, lemos *verdadeira*, que proporcionaría unha rima idéntica e unha palabra de uso máis frecuente? A resposta está en que, obviamente, Curros non realizou a tradución sobre esta edición de 1890 senón, como xa indicamos, sobre a de 1881 ou se cadra sobre a de 1875, e en ambos os casos aparece *derradeira*, opción que Antero non substituíu por *verdadeira* ata 1890.

Noutras ocasións o misterio dunha solución estraña é aínda máis sinxelo: a rima imposible *fría / fría* que aparece entre os versos primeiro e cuarto do segundo cuarteto do soneto II na edición das *Obras completas* de Curros Enríquez preparada por Carlos Casares en 1979, que reproduce a transcripción da edición portuguesa que Pilar Vázquez Cuesta incluíu como apéndice no seu artigo de 1968 (Vázquez Cuesta 1968: 157), débese a un erro de copia. No cuarto verso non é *fría* senón, como aparece na edición de 1890, na de Andrés González Blanco e na transcripción de Ana María Almeida Martins, *fla*, tradución do portugués *confía*.

Podemos atopar tamén nestas traducións de Curros exemplos de opcións marcadamente de época, coma o primeiro verso do soneto III, onde o hipérbato *Yo quien eres no sé*, versión forzada do moito máis simple e case coloquial *Eu não sei quem tu és*, é unha solución moi ao gusto do século XIX que Llardent modernizou cun *No sé quién eres* magnicamente simple.

Por outra banda, encontramos claras traducións ideolóxicas, como é o caso do primeiro verso do

segundo terceto do soneto IV. A versión de Curros —*Hoy, que una luz extraña llega al hombre*— é, malia tratarse dun fermoso verso, unha tradución moi “republicana”, co seu marcado presente de luz fronte a un pasado de tebras, da expresión de Antero, moito máis metafísica e intimista, *Luz íntima, afinal alumiu-me*. Algo semellante sucede entre o verso de Antero —*Talvez seja pecado procurar-te*— e a alternativa de Curros —*Crimen grande talvez será llamarte*—. ¿Pode o anticlericalismo de Curros explicar a substitución dun concepto de culpa relixiosa, pecado, por outro de culpa civil, crime?

¿Deben estas cuestións levarnos a considerar que Curros Enríquez traduciu mal os sonetos de Antero? Creo que non. É ben doado detectar en calquera versión pequenos erros, opcións distintas das que nós tomaríamos ou, simplemente, o gusto doutro tempo. Como afirmou Friedman Apel, as traducións dos grandes clásicos, en especial dos poetas, son un proceso de creación no tempo: “La traducción de un texto poético [...] non é un compito che si possa risolvere una volta per tutte, bensí una problemática che si rinnova di continuo sul piano storico, con un orizzonte aperto.” (Apel, cita-do por Nasi: 149)

Cada xeración, desde a súa propia sensibilidade estética, necesita refacer ese traballo de tradución. Por iso, cunha cadencia máis ou menos regular, volvemos traducir a Antero. O último exercicio foi o de Llardent en 1986. Talvez alá polo 2020 chegue outra nova lectura —porque traducir é, tamén, o modo máis profundo de ler— da poesía dorida do portugués. Quizais daquela alcancemos a perfección soñada por Benjamin:

La verdadera traducción es transparente, no cubre el original, no le hace sombra, sino que deja caer en toda su plenitud sobre éste el lenguaje puro, como favorecido por su mediación. (Benjamin: 139)

Así e todo, as versións libres de Curros, esas “recreacións” feitas desde a admiración e que tan grata resposta suscitaron no autor traducido e noutras grandes persoeiros da fin de século, son as do seu tempo, as de 1890, con moitos acertos e algúns erros, e aínda hoxe resultan interesantes aínda que xa afastadas. Son traducións que flúen seguras, produto dunha comprensión profunda, dun intento exemplar de aproximación, a través dos dous poetas, de dúas culturas que, de tan próximas, ás veces non saben encontrarse. ■

Tradución **Alberte Montañés**

Referencias bibliográficas

- Benjamin, Walter** (1971). *Angelus Novus*. Barcelona: Edhasa.
- Cervantes, Miguel de** (1997¹⁶). *Don Quijote de la Mancha*. Edición de Martín de Riquer. Barcelona: Planeta.
- Clarín, Leopoldo Alas** (1887). “Sonetos, por Anthero de Quental”. *Nueva campaña*. Madrid: Librería Santa Fe.
- Curros Enríquez, Manuel** (1979). *Obras completas*. Recopilación, introducción e notas por Carlos Casares. Madrid: Aguilar.
- De Luca, Erri** (2001). “Esercizio di ammirazione”. Org. por Franco Nasi. *Sulla traduzione letteraria. Figure del traduttore-Studi sulla traduzione-Modi del tradurre*. Ravenna: Longo Editore.
- González Blanco, Andrés** (s./a.). Prólogo e apéndice a *Las mejores poesías (líricas) de los mejores poetas. Antero de Quental- XXIX*. Barcelona: Editorial Cervantes.
- Llardent, José Antonio** (1986). “Nota preliminar del traductor”. *Antero de Quental, Poesías y prosas selectas*. Madrid: Editorial Alfaguara.
- Martins, Ana Maria Almeida** (1987). “Curros tradutor de Antero de Quental”. *Curros Enríquez. Crebar as líras. Cadernos A Nosa Cultura* 9. Vigo: *A Nosa Terra*. 72-73.
- Nasi, Franco** (2001). “Note per una teoria della traduzione letteraria”. Franco Nasi, org. *Sulla traduzione letteraria. Figure del traduttore-Studi sulla traduzione-Modi del tradurre*. Ravenna: Longo Editore.
- Pessoa, Fernando** (s./a.). *Páginas de Estética e de Teoria e Crítica Literárias*. Textos estabelecidos e prefaciados por Georg Rudolf Lind e Jacinto do Prado Coelho. Lisboa: Ed. Ática.
- Quental, Anthero de** (1886). *Os Sonetos Completos de Anthero de Quental*. Ed. por J. P. Oliveira Martins. Porto: Livraria Portuense de Lopes & Cia.
- (1890). *Os Sonetos Completos de Anthero de Quental*. Porto: Livraria Portuense de Lopes & Cia.
- (1894). *Zara. Edição Polyglota*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- (1989). *Cartas*. Organização, introdução e notas de Ana Maria Almeida Martins. Lisboa: Universidade dos Açores-Editorial Comunicação.
- (1994). *Sonetos*. Organização, introdução e notas de Nuno Júdice. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Sérgio, António** (19847). Notas a *Antero de Quental-Sonetos*. Lisboa: Livraria Sá da Costa.
- Steiner, George** (1978). *Après Babel. Une poétique du dire et de la traduction*. Paris: Albin Michel.
- Vázquez Cuesta, Pilar** (1968). “Sobre “La lira lusitana” de Curros Enríquez: poesías perdidas y nuevamente halladas”. *Grial* 20: 149-161.
- (1974). “Curros, os escritores portugueses e o Ultimatum”. *Grial* 46: 385-425.
- (1998). “Curros Enríquez tradutor de Guerra Junqueiro”. *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Edición de Dieter Kremer. Vigo: Galaxia. Vol. I. 299-308.

Anexo

Curros Henriquez

Elogio de la muerte

I

En la hora del reposo lo Inconsciente
Me sacude y despiero consternado;
Bajo el pié de un titan, como aplastado,
Mí corazón se pára de repente.

No es que de larvas funebres la mente
Pueble el nocturno espacio dilatado,
Ni, de remordimientos asaltado,
En lucha el alma, el torcedor ahuyente.

No son vagos fantasmas ilusorios,
No es procesión de espectros mortüorios,
Terror de Dios, ni de la suerte miedo...

No! Es el fondo de un pozo, húmedo y frío,
Un muro de tiniebla entorno mio
Y la Muerte que avanza á paso quedo.

II

Por florestas de sueños cada día
Se interna más mi triste pensamiento,
De olvido en pos, que apeteció sediento,
Llevado por la inquieta fantasía.

Atravieso entre sombra y niebla fría
Un mundo extraño, sin rumor ni acento,
Y mi amargo y errante **sentimiento**
Sólo en los genios de la noche fia.

¿Qué místicos anhelos me enloquecen?
Del espacio en lo inmenso se aparecen
A mis ojos los **senos** del Nirvana!

En este viaje por un mundo inerte
Tu abrazo busco redentor, oh Muerte,
De la Verdad e del Amor hermana!

III

Yo quien eres no sé; mas no procuro,
Tal es mi confianza, averiguarlo;
Para huir el temor, para esquivarlo,
Bástame verte junto á mí en lo oscuro.

Tu paso lento y á tu fin seguro
Persigo en el silencio, sin turbarlo,
E inclínome á tu voz, por sondearlo,
Al borde del abismo del futuro.

Por tí me engolfo en la región fecunda
De los nocturnos sueños, tu mirada
Solicitando plácida y profunda;

Mirada á mi hondo afan reveladora,
Fúnebre Bëatriz de mano helada,
Mas única Beatriz consoladora.

Antero de Quental

Elogio da Morte

Morrer é ser iniciado
ANTOLOGIA GREGA

I

Altas horas da noite, o Inconsciente
Sacode-me com força, e acordo em susto.
Como se o esmagassem de repente,
Assim me pára o coração robusto.

Não que de larvas me povoe a mente
Esse vácuo nocturno, mudo e augusto,
Ou forceje a razão porque afugente
Algum remorso, com que encara a custo...

Nem fantasmas nocturnos visionários,
Nem desfilar de espectros mortuários,
Nem dentro de mim terror de Deus ou Sorte...

Nada! o fundo dum poço, húmido e morno,
Um muro de silêncio e treva em torno,
E ao longe os passos sepulcrais da Morte

II

Na floresta dos sonhos, dia a dia,
Se interna meu dorido pensamento.
Nas regiões do vago esquecimento
Me conduz, passo a passo, a fantasia.

Atravesso, no escuro, a névoa fria
Dum mundo estranho, que povoa o **vento**,
E meu queixoso e incerto **sentimento**
Só das visões da noite se confia.

Que místicos desejos me enloquecem?
Do Nirvana os **abismos** aparecem
[*Os abismos do Nirvana* 1875]
A meus olhos, na muda imensidade!

Nesta viagem pelo ermo espaço,
Só busco o teu encontro e o teu abraço,
Morte! irmã do Amor e da Verdade!

III

Eu não sei quem tu és — mas não procuro
(Tal é a minha confiança) devassá-lo.
Basta sentir-te ao pé de mim, no escuro,
Entre as formas da noite com quem falo.

Através do silêncio frio e obscuro
Teus passos vou seguindo, e, sem abalo,
No cairel dos abismos do Futuro
Me inclino à tua voz, para sondá-lo.

Por ti me engolfo no nocturno mundo
Das visões da região inominada,
A ver se fixo o teu olhar profundo...

Fixá-lo, compreendê-lo, basta uma hora,
Funérea Beatriz de mão gelada...
Mas única Beatriz consoladora!

IV

Largo tiempo ignoré (mas ¿qué ceguera
Así tuvo mi espíritu nublado?)
Quien fueses tú que **estabas** á mi lado
Día e noche, impasible compañera.

Mil veces, de la vida en la **carrera**,
Del tedio lleno y de sufrir cansado,
Alcé hasta tí mis ojos conturbado
Y te invoqué, esperanza **postrimera**.

Entonces no te amaba todavía;
Sobre tu frente mudo no sabía
Deletrear mi espíritu sin calma.

Hoy, que una luz extraña llega al hombre,
Ya te conozco al fin, ya sé tu nombre,
Muerte, hermana coeterna de mi alma!

V

¿Qué nombre darte, austero personaje,
A quien hallé en la senda de la vida
Cuando cejaba el ánima rendida
Por el duro cansancio del viaje?

Siente la turba al verte horror salvaje
Y cubierta la faz huye aturdida;
Sólo yo te amo, sombra indefinida,
Tan solo yo comprendo tu lenguaje.

En tus ojos profundos he leído
El tremendo misterio impenetrable
Del ideal, á tantos escondido;

Y en tu seno de paz inalterable
Sé que me espera el sueño apetecido,
Muerte libertadora é inviolable.

VI

Sólo el que tiembla ante el No-ser se asusta
De tu enorme silencio funerario,
Noche sin fin, vacío solitario,
Sombría noche de la Muerte augusta.

Yo no: mi alma contrita, mas robusta,
Penetra reverente en tu sagrario;
Hosco á todos tu aspecto cinerario,
Yo hallo sonrisas en tu faz adusta.

Me seduce la calma y el reposo
De tu silencio santo y tenebroso
Que envuelve todo amor en todo luto.

Crimen grande tal vez será llamarte,
Mas no soñar contigo y adorarte
No-ser, que eres Ser único absoluto.

IV

Longo tempo ignorei (mas que ceguera
Me trazia este espírito enublado!)
Quem fosses tu, que andavas a meu lado,
Noite e dia, impassível companheira...

Muitas vezes é certo, na **canseira**,
No tédio extremo dum viver magoado,
Para ti levantei o olhar turbado,
Invocando-te, amiga **verdadeira**...
[*derradeira* 1886]

Mas não te amava então nem conhecia:
Meu pensamento inerte nada lia
Sobre essa muda fronte, austera e calma.

Luz íntima, afinal alumiou-me...
Filha do mesmo pai, já sei teu nome,
Morte, irmã coeterna da minha alma!

V

Que nome te darei, austera imagem,
Que avisto já num ângulo da estrada,
Quando me desmaivava a alma prostrada
Do cansaço e do tédio da viagem?

Em teus olhos vê a turba uma voragem,
Cobre o rosto e recua apavorada...
Mas eu confio em ti, sombra velada,
E cuido perceber tua linguagem...

Mais claros vejo, a cada passo, escritos,
Filha da noite, os lemas do Ideal,
Nos teus olhos profundos sempre fitos...

Dormirei no teu seio inalterável,
Na comunhão da paz universal,
Morte libertadora e inviolável!

VI

Só quem teme o Não-ser é que se assusta
Com teu vasto silêncio mortuário,
Noite sem fim, espaço solitário,
Noite da Morte, tenebrosa y augusta...

Eu não, minh'alma humilde mas robusta
Entra crente em teu átrio funerário:
Para os mais és un vácuo cinerário,
A mim sorri-me a tua face adusta.

A mim seduz-me a paz santa e inefável
E o silêncio sem par do Inalterável,
Que envolve o eterno amor no eterno luto.

Talvez seja pecado procurar-te,
Mas não sonhar contigo e adorar-te,
Não-ser, que és o Ser único absoluto.